

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Entre os seguintes, indique cal NON é un órgano dunha área sanitaria do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) Dirección Asistencial.
- B) Dirección de Atención Primaria.
- C) Dirección de Prevención de Riscos Laborais.
- D) Dirección de Recursos Humanos.

2. De conformidade co artigo 1 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:

- A) Todos os españois residentes no territorio nacional e en situación de alta na Seguridade Social.
- B) Todos os españois.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia na Unión Europea.
- D) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.

3. Segundo a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o órgano específico de negociación colectiva do persoal estatutario de cada servizo de saúde é:

- A) A mesa sectorial.
- B) A xunta de persoal de área.
- C) A xunta de persoal de área e a comisión de centro, cando esta se constitúa.
- D) A Mesa Xeral.

4. A aprobación do proxecto de orzamento da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde corresponde a:

- A) A Consellería de Sanidade.
- B) O Parlamento de Galicia.
- C) O Consello de Dirección da Consellería de Sanidade.
- D) O Consello da Xunta.

5. Segundo a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, en que suposto declararase ao persoal estatutario fixo na situación de servizos especiais?

- A) Cando unha incapacidade temporal se prolongue máis de dezoito meses.
- B) Cando se declare a suspensión firme en virtude de sentenza.
- C) Cando se acceda a unha praza de formación especializada mediante residencia.
- D) Cando se acceda en comisión de servizos a unha praza da Administración xeral aberta ao persoal estatutario.

6. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a provisión dun posto de supervisora de área efectuarase:

- A) Por unha comisión técnica especializada.
- B) Polo procedemento de libre designación.
- C) Polo procedemento de avaliación colexiada.
- D) Polo procedemento de concurso de méritos.

7. De acordo coa Lei galega 3/2001, do 28 de maio, a historia clínica:

- A) É propiedade do médico ou profesional responsable.
- B) Non pode conter valoracións sobre a evolución clínica do paciente.
- C) Debe destruírse unha vez que transcorran vinte anos desde o falecemento do paciente.
- D) Debe conter suficiente información para documentar o proceso de atención sanitaria do paciente.

8. Atendendo ao que dispón a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, sinala cal NON é un dos principios da acción preventiva.

- A) Evitar os riscos.
- B) Ter en conta a evolución da técnica.
- C) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- D) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.

9. De acordo coa Lei galega 3/2001, do 28 de maio, a historia clínica:

- A) Debe ser única por paciente en todo o Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) Debe ser entregada ao paciente tras cada episodio asistencial.
- C) Debe incluír o médico ou profesional responsable.
- D) É propiedade do paciente.

10. De conformidade co Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, quen se atope en comisión de servizos:

- A) Pasará á situación de excedencia no seu centro de orixe.
- B) Deberá solicitar o reingreso no seu centro de orixe, unha vez rematada a comisión.
- C) Deberá participar no primeiro concurso de traslados que se convoque para a súa categoría ou especialidade.
- D) Terá dereito á reserva da súa praza ou posto de traballo.

Preguntas de reserva

1. Indique que dereito NON inclúe, en materia de protección de datos de carácter persoal, o título III da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais:

- A) Dereito de rectificación.
- B) Dereito de supresión.
- C) Dereito de renuncia.
- D) Dereito á portabilidade.

2. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde que non tome posesión da praza adquirida en concurso de traslados:

- A) Perde a condición de persoal estatutario.
- B) Pasa á situación de excedencia voluntaria por interese particular.
- C) Será obxecto de expediente disciplinario.
- D) Pasa á situación de excedencia forzosa.